DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 57 | Mércores, 22 de marzo de 2017 | Páx. 13768

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*EXTRACTO da Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.*

BDNS (Identif.): 338252.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

Primeiro. *Beneficiarios*

a) As entidades locais de Galicia e entidades dela dependentes.

b) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais dela dependentes.

c) As entidades sen ánimo de lucro.

d) Empresas legalmente constituídas e autónomos.

Segundo. *Obxecto*

O obxecto destas bases é apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso racional das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións de equipamentos térmicos que utilicen biomasa como combustible (código procedemento IN421G).

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

CVE-DOG: lrzatjc6-pkl5-9xp5-6py1-evulg0dqbjo6

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Cuarto. *Contía*

1. A contía global da convocatoria ascende a 4.665.662,00 euros. O financiamento da convocatoria correspondese con fondos comunitarios derivados do programa Galicia 2014-2020 Feder nun 80 % e financiamento privado nun 20 %.

| Beneficiarios | Aplicación orzamentaria | Importe |
|---|---|---|
| Administración pública autonómica | 09.A2.733A.714.2 | 1.300.000,00 € |
| Administración pública local | 09.A2.733A.760.5 | 1.015.662,00 € |
| Empresas e autónomos | 09.A2.733A.770.5 | 2.000.000,00 € |
| Entidades sen ánimo de lucro | 09.A2.733A.781.1 | 350.000,00 € |
| Total | | 4.665.662,00 € |

2. A contía da subvención será dun 80 % do custe elixible no caso de que os beneficiarios sexan:

a) Entidades locais.

b) Sector público autonómico.

A contía da subvención será dun 50 % do custo elixible no caso de que os beneficiarios sexan entidades xurídicas sen ánimo de lucro (que non realicen actividade económica), así como empresas, as súas agrupacións e asociacións e entidades sen ánimo de lucro que realicen actividade económica. No caso de pequenas empresas a axuda incrementarase en 20 puntos porcentuais e, no caso de medianas empresas, en 10 puntos porcentuais.

3. A contía máxima da axuda por proxecto será de 200.000 € e por solicitante de 1.000.000 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal e na páxina web do Inega, www.inega.gal

CVE-DOG: lrzatjc6-pkl5-9xp5-6py1-evulg0dqbjo6

Xunto coa solicitude presentaranse electrónicamente, anexadas, copias dixitalizadas da documentación complementaria.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: lrzatjc6-pkl5-9xp5-6py1-evulg0dqbjo6